



Concello de Cangas

ENREDOS DE VERÁN 2020

Do 6 de xullo ao 28 de agosto.

O Concello de Cangas dada a situación de excepcionalidade con motivo da pandemia do coronavirus COVID-19 e co fin da dar resposta ás necesidades de conciliación das familias, pretende que este ano o programa Enredos de Verán vaia dirixido preferentemente as familias (ambos proxenitores ou familias monoparentais) que xustifiquen a necesidade de conciliar

QUENDAS

Por mor da situación de pandemia a organización da actividade neste ano 2020 será a seguinte:

* Formación de grupos, sempre en cumprimento das medidas que as autoridades sanitarias e responsables das actividades de lecer educativo deberán implementar con carácter xeral

* As quendas serán mensuais polo que quedará establecidas así:

1ª quenda do 6 ao 31 de xullo (4 semanas/20 días de actividade)

2ª quenda do 3 ao 28 de agosto (4 semanas/20 días de actividade)

Somentes se poderá participar nunha quenda a menos que haxa vacantes

Horario: 9:00-14:00 horas

Por mor da situación de pandemia non haberá servizo de comedor.

Lugares de celebración: Ceip San Roque, Ceip Coiro Castrillón, Ceip A Rúa, Ceip Aldán-Espiñeira, Ceip Hio, Ies Rodeira

PARTICIPANTES

Terán preferencia para solicitar a súa participación nas actividades ofertadas nesta convocatoria as rapazas e rapaces empadroados en Cangas (comprobarase de oficio), sempre e cando cumplan as seguintes condicións:

1.-En canto as idades mínimas e máximas deberán terse en conta o seguinte:

- Os/As nados/as no **ano 2007** non poderán cumprir 13 anos antes da finalización do campamento.

- Idade mínima: Nados no **ano 2016** .

2.- Que os seus proxenitores ou titores/as legais acrediten a necesidade dun servizo de conciliación laboral e familiar no horario do programa.

3.-Para ser admitido no campamento será necesario non padecer enfermidade transmisíbel con risco de contaxio nin trastorno de conduta e/ou de comportamento que dificulte a convivencia.

4.- Control e prevención da COVID-19

Non se permitirá a participación de persoas que pertezan a grupos de risco, ou que convivan con grupos de risco: diabete, enfermidade cardiovascular, enfermidade pulmonar crónica, inmunodeficiencia, cancro en fase de tratamento activo, mulleres embarazadas, maiores de 60 anos.

Garantirase o cumprimento de protocolos de seguridade (medidas persoais de hixiene, e prevención obrigatorias), así como a intensificación das tarefas de limpeza e desinfección dos espazos e materiais

Os/as monitores/as e a dirección da actividade velarán pola seguridade da actividade mediante o

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 Pontevedra. Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Concello de Cangas

control da declaración de saúde de cada participante. Os/as pais/nais dos/as participantes deberán responsabilizarse da súa situación particular fronte a COVID-19, de tal forma que se algún presenta sintomatoloxía asociada coa enfermidade, non acudirá e contactará co/a monitor/a responsable da actividade.

Para garantir isto cada nai, pai ou titor/a asinara un compromiso por escrito antes de empezar a actividade.

O incumprimento destas normas dará lugar á inadmisión da solicitude.

PERSOAS CON DISCAPACIDADE

As persoas que teñan unha discapacidade **igual ou superior ao 33%** poderán participar nesta convocatoria cumprindo os seguintes requisitos:

- Facer constar a súa condición no apartado que figura no impreso de solicitude, co fin de planificar os apoios persoais necesarios.
- Que no certificado de recoñecemento de discapacidade non se recolla a necesidade de axuda de terceira persoa.
- Ter capacidade de integración nun grupo e que as súas limitacións e/ou necesidades especiais lles permitan participar e beneficiarse das actividades e dos horarios que se van desenvolver no destino que soliciten. Esta capacidade poderá ser valorada polos equipos técnicos do Concello de Cangas.

Os requisitos sinalados serán condición para a admisión da solicitude e o seu incumprimento non permitirá a participación da persoa solicitante no campamento.

PREINSCRIPCIÓN:

DOCUMENTACIÓN QUE DEBEN PRESENTAR AS PERSOAS PARTICIPANTES

SELECCIONADAS

As persoas participantes deberán presentar ademáis da solicitude (anexo I) seguinte documentación:

- O xustificante do pagamento (entregarase unha vez confirmada a praza)
- Unha fotocopia do DNI/NIE da persoa solicitante ou a folla correspondente do libro de familia.
- Unha fotocopia da tarxeta sanitaria
- O cuestionario de saúde e autonomía persoal (**anexo II**).
- A declaración responsable de cumprimento medidas COVID-19. (Anexo IV)
- Documentos acreditativos da necesidade de conciliación.

No caso de persoas con discapacidade ademais:

- certificado acreditativo do grao de discapacidade e a copia do ditame técnico facultativo emitido polo equipo de valoración e orientación correspondente.
- Anexo III Cuestionario de necesidades específicas de apoio.

PREINSCRIPCIÓN

Concello de Cangas



Concello de Cangas

As solicitudes de preinscrición xunto coa documentación correspondente enviaranse por correo electrónico a xuventude@cangas.gal

Os impresos de solicitude deben ser cubertos de acordo coas seguintes normas:

- Cada mozo ou moza só poderá cubrir unha solicitude e elixirá o tipo de quenda.
- Os datos da persoa solicitante deben ser os da rapaza ou rapaz que opta a participar nas actividades.
- As solicitudes deberan estar asinar os/as pais/nais ou titores/as dos menores.

A presentación da preinscrición implica a aceptación das normas deste procedemento.

PRAZOS

Preinscrición	Ata o 23 de xuño
Publicación inscritos e lista agarda	26 xuño
Confirmación praza e pago cuota	1, 2 e 3 de xullo

PREZOS

A Xunta de Goberno Local do Concello de Cangas, en sesión ordinaria celebrada o 6 de novembro de 2017, ao amparo do artigo 4 da Ordenanza Reguladora de prezo público por impartición de cursos, ludotecas, viaxes e outras actividades de carácter deportivo e/ou socioculturais organizadas polo Concello (BOPPO nº 38 de 23/02/2012) acordou a aprobación dos seguintes presos públicos para o pago das actividades do programa “Enredos”:

* Por Quenda de 4 semanas 100 €

Cando o importe a aboar por unha familia supere os 200 €, poderá fraccionarse o pago, a petición do/a interesado/a realizándose do seguinte xeito: 1º pago 50% no momento de realizar a inscrición, 2º pago 50% na semana anterior ao inicio da actividade. Para solicitar o pago fraccionado deberá domiciliarse o 2º pago.

4.- As persoas solicitantes das actividades poderán optar a unha bonificación sobre a taxa establecida en base a cumprir unha serie de requisitos:

1º.- Desconto por varios irmáns: A inscrición dos irmáns terá unha bonificación do 50% cada un deles a partires da 2ª inscrición.

2.- Desconto tendo en conta a a situación económica do solicitante e o seu cónxuxe ou parella. Para ter dereito a esta bonificación as persoas interesadas deberán presentar a correspondente solicitude xunto coa documentación requerida e no prazo establecido que coincidirá co periodo de inscrición no programa Enredos. Dita documentación servirá de base para realizar o cálculo dos ingresos mensuais tendo en conta tódolos ingresos do solicitante e cónxuxe ou parella, que comprenderán pensións e prestacións de previsión social (calquera que sexa o seu réxime), rendementos do traballo, rendementos de capital mobiliario e inmobiliario, rendementos de actividades económicas e as ganancias e perdas patrimoniais.

As bonificacións serán as seguintes:

Concello de Cangas



Concello de Cangas

- Bonificación do 100 % do custe do servizo de comedor escolar para os alumnos pertencentes a unidades familiares receptoras da RISGA ou cunha renda igual ou inferior a contía desta prestación [Ingreso mínimo: 75 % do IPREM (403,38 €) + Complemento familiar: 14 % do IPREM mensual adicional polo 2º membro (75,29 €) ; 12 % adicional polo 3º (64,54 €) ; 10 % adicional polo 4º e sucesivos (53,78 €) + Complemento de alugamento: 10 % adicional (53,78€), sempre que se xustifiquen gastos por dito concepto]

Nº DE MEMBROS DA FAMILIA	INGRESOS ANUAIS	INGRESOS MEDIOS
Familia de 2 membros	6.389,40 €	532,45 €mes
Familia de 3 membros	7.163,88 €	596,99 €mes
Familia de 4 membros	7.809,24 €	650,77 €mes
Familia de 5 membros	8.454,60 €	704,55 €mes
Familia de 6 membros	9.099,96 €	758,33 €mes

- Bonificación do 85 % do custe do servizo de comedor escolar para os alumnos pertencentes a unidades familiares cunha renda inferior ao 125 % da contía da RISGA (Ingreso mínimo + Complemento familiar + Complemento de alugamento).

Nº DE MEMBROS DA FAMILIA	INGRESOS ANUAIS	INGRESOS MEDIOS
Familia de 2 membros	7.986,75 €	665,56 €mes
Familia de 3 membros	8.954,75 €	746,24 €mes
Familia de 4 membros	9.761,55 €	813,46 €mes
Familia de 5 membros	10.568,25 €	880,69 €mes
Familia de 6 membros	11.374,95 €	947,91 €mes

- Bonificación do 60% do custe do servizo de comedor escolar para os alumnos pertencentes a unidades familiares cunha renda inferior ao 125 % do IPREM + 15 % adicional por cada membro da unidade familiar.

Nº DE MEMBROS DA FAMILIA	INGRESOS ANUAIS	INGRESOS MEDIOS
--------------------------	-----------------	-----------------

Concello de Cangas



Concello de Cangas

FAMILIA	ANUAIS	MEDIOS
Familia de 2 membros	8.067,54 €	672,30 €/mes
Familia de 3 membros	9.277,67 €	773,15 €/mes
Familia de 4 membros	10.487,80 €	874,00 €/mes
Familia de 5 membros	11.697,93 €	974,85 €/mes
Familia de 6 membros	12.908,06 €	1.075,70 €/mes

- Bonificación do 50% do custe do servizo de comedor escolar para os alumnos pertencentes a unidades familiares cunha renda inferior ao 150 % do IPREM + 15 % adicional por cada membro da unidade familiar.

Nº DE MEMBROS DA FAMILIA	INGRESOS	INGRESOS
	ANUAIS	MEDIOS
Familia de 2 membros	9.681,05 €	806,76 €/mes
Familia de 3 membros	11.133,21 €	927,77 €/mes
Familia de 4 membros	12.585,37 €	1.048,78 €/mes
Familia de 5 membros	14.037,53 €	1.169,79 €/mes
Familia de 6 membros	15.489,69 €	1.290,80 €/mes

As bonificacións previstas neste artigo non son acumulables.

As solicitudes de bonificación realizaranse no Centro Municipal de Benestar Social do 18 ao 25 de xuño a través do correo electrónico benestarsocial@cangas.gal

5.- Se, unha vez obtida a praza e aboado o prezo correspondente, a persoa interesada non puiden asistir á actividade, só terá dereito á devolución deste no caso de que **comunique a renuncia á praza por escrito e solicite a devolución da cantidade aboada polo menos vinte días naturais** antes do inicio da actividade, ou cando por causas non imputables á persoa interesada non se preste o servizo ou a Administración anule a actividade.

Todas aquelas solicitudes de devolución de cota que non sexan presentadas, tal e como se reflicte no apartado anterior, serán **denegadas** independentemente da causa xustificativa que se alegue na respectiva solicitude.

A preinscrición poderá presentarse a través de xuventude@cangas.gal

Concello de Cangas